

I 397b

O ferreiro ten a sarna,
a muller o xarampón,
os fillos teñen a tiña,
¡ai, Jesús, que perdición!

VI 2047d

O corazón dunha pulga
i as entrallas dun piollo
heillas de dar ó meu home
para que coma de todo.

VI 2046c

O corazón dunha pulga
quen mo dera pra guisar-e
teño almozo e a merenda
e sóbrame pa xantar-e.

Pequeniñas e redondas
heillas de dar ó meu Pedro,
nin pequeniñas de todo,
nin grandes que poñan medo.

VI 329c

Pra cantar hai que ter gracia,
pa bailar hai que aprender,
nós que andamos polo mundo
todo nos compre saber.

VI 1535

Tódoos páxaros, madre,
naceron para volar,
eu tamén nacín no mundo
para traballos pasar.

I 116a

Costureira, costureira
telas pernas esfoladas
de subir polas paredes
e baixar polas ventanas.

I 118b

“Costureiriña bonita,
donde téla túa cama?”
“No poleiro das galiñas,
nunha tresiña de palla”.

I 129a

Costureira remendona,
dín que non come un tociño;
inda come un porco enteiro
[dendes do rabo ó fouciño.]